

**DECLARACIÓN RESPONSABLE OBRIGATORIA PARA PARTICIPAR NA RUTA AMBIENTAL A PÉ
POLA RÍA DO MASMA (DEBE PRESENTARSE UNHA POR CADA PARTICIPANTE).**

D/Dª _____, con DNI

En representación do/da menor de idade (no seu caso) con:

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

DECLARA:

- 1.- Que pola organización da actividade informouse suficientemente ao/á participante e nunha linguaxe comprensible sobre as características da mesma na que vai participar e sobre as condicións físicas requiridas para a devandita participación.
- 2.- Que se informou de forma suficiente e clara ao/á participante sobre os riscos da devandita actividade e sobre a titulación dos técnicos e sobre as medidas de seguridade a adoptar na realización da mesma.
- 3.- Que o/a participante coñece e entende as normas reguladoras da actividade e que está plenamente conforme coas mesmas someténdose á potestade de dirección e/ou disciplinaria da organización.
- 4.- Que está en forma física adecuada. Que non sofre ningún proceso alérxico, limitación ou enfermidade que poida poñer en risco a súa integridade durante a realización da devandita actividade. No caso de sufrir algunha limitación que requira unha atención especial durante a actividade pero que non impida a realización da mesma, deberá ser comunicado previamente.
- 5.- Que escoitará atentamente e respectando as directrices e briefings do guía.
- 6.- Que respectará a contorna natural (flora e fauna) durante toda a duración da actividade e non deixará ningún residuo ou lixo na contorna.
- 7.- O Cliente releva ó Concello de Barreiros e á empresa que presta a actividade, de toda responsabilidade por perdas ou danos que se produzan en obxectos propios, deixados, gardados ou transportados tanto antes, durante ou despois da realización da actividade.
- 8.- Que non está diagnosticado/a de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tos, febre, dificultade ó respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de participación nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- 9.- Que non convive con ninguén afectado pola Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sin gardar a distancia interpersonal cunha persoa diagnosticada de Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.
- 10.- Que coñece a política de cancelación, concretamente as seguintes cuestións principais:
 - A organización resérvase o dereito de cancelación da actividade, antes ou durante a actividade.

- En caso de cancelación por parte da organización por causas maiores ou metereolóxicas, de ser posible, propoñeráse unha nova data de actividade e no caso de que o/a/os/as participante/s non poidan na nova data proposta pola organización cancelárase a súa inscrición.

- No caso de que o/a/os/as participante/s non acudan á actividade, en ningún caso se poderá trocar por outra actividade.

- Se o/a/os/as participante/s chegan máis de 10 minutos tarde ao lugar de inicio da actividade, a organización resérvase o dereito para comezar a actividade sen o/ela, dando por feito a non participación na mesma por parte do/a/os/o participante/s.

COMPROMETESE A:

1.- Notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade, ou de calquera outro problema de saúde que impida o normal desenvolvemento da actividade.

2.- Cumprir o protocolo Covid establecido polas autoridades sanitarias e vixente no momento da realización da actividade, así como o protocolo covid que teña establecido a empresa que prestará o servizo.

3.- Seguir en todo momento as indicacións do/s monitor/es.

AUTORIZA:

1.- O uso e publicación de imaxes tomadas durante a actividade con fins promocionais da ruta ou do destino turístico de Barreiros.

En _____, a ____ de _____ de _____

Asdo: _____

Sinatura do participante adulto/a ou do pai/nai ou tutor legal.